UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Deseño de Recursos Informativos en Web | | | Código | 710G02039 |
| Titulación | | | | | |
| Descriptores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 2º cuadrimestre | Cuarto | Optativa | 6 | |
| Idioma | Castelán | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónComputación | | | | |
| Coordinación | Rodriguez Luaces, Miguel | Correo electrónico | miguel.luaces@udc.es | | |
| Profesorado | Cortiñas Álvarez, Alejandro<br>Gómez Brandón, Adrián<br>Rodriguez Luaces, Miguel | Correo electrónico | alejandro.cortinas@udc.es<br>adrian.gbrandon@udc.es<br>miguel.luaces@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | A formidable expansión, acontecida nos últimos anos, do uso de Internet en xeral, e das tecnoloxías web en particular, ven de revolucionar o xeito en que temos acceso á información que precisamos. A web simplificou enormemente o acceso a inxentes cantidades de dados desde calquera punto do planeta; mais complicou tamén a asimilación e selección da información que se necesita de entre toda a disponíbel.<br><br>O obxectivo fundamental desta asignatura é o de dotar aos estudiantes coa capacidade de deseñar recursos de información facendo uso das tecnoloxías web, cunha axeitada organización da información que permita a adecuación dos recursos ás necesidades dos usuarios.<br><br>Con esa fin, serán proporcionados aos estudiantes os fundamentos tecnolóxicos necesarios para coñecer as capacidades proporcionadas polas tecnoloxías web, e dotalos ao tempo dunha certa independencia no seu manexo. E serán analizadas arquitecturas, técnicas e recomendacións de deseño, organización e presentación de sitios web, facendo especial énfase no concepto de usabilidade. | | | | |

| | |
|---|---|
| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos<br><br>Non se realizarán cambios<br><br>2. Metodoloxías<br><br>* Metodoloxías docentes que se manteñen<br><br>- Prácticas a través de TIC<br><br>- Traballos tutelados<br><br>* Metodoloxías docentes que se modifican<br><br>- Sesión maxistral. Mantense a metodoloxía e se realizará mediante Teams.<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br><br>? Correo electrónico. Atención continua para resolver dúbidas e facer o seguimento do avance.<br><br>? Teams. Realización de sesións de resolución de dúbidas do alumnado baixo demanda.<br><br>? Moodle. Utilizarase para enviar mensaxes de difusión ao alumnado e para resolver dúbidas en grupo a través dos foros de discusión.<br><br>4. Modificacións na avaliación<br><br>Non se modifica a avaliación.<br><br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía<br><br>Non se modifica a bibliografía. |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Deseñar recursos de información facendo uso das tecnoloxías web, cunha axeitada organización da información que permita a adecuación dos recursos ás necesidades dos usuarios. | A1<br>A3<br>A4<br>A5 | B6<br>B7<br>B8<br>B9 | C2<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C11<br>C12<br>C13<br>C14<br>C15<br>C16<br>C18 |
| Coñecer as capacidades proporcionadas polas tecnoloxías web. | A1<br>A3<br>A4<br>A5 | B6<br>B7<br>B8<br>B9 | C2<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C11<br>C12<br>C13<br>C14<br>C15<br>C16<br>C18 |
| Coñecer arquitecturas, técnicas e recomendacións de deseño, organización e presentación de sitios web, facendo especial énfase no concepto de usabilidade. | A1<br>A3<br>A4<br>A5 | B6<br>B7<br>B8<br>B9 | C2<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C11<br>C12<br>C13<br>C14<br>C15<br>C16<br>C18 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| Introdución | Conceptos básicos de informática necesarios para entender o resto dos contidos da asignatura. |

| | |
|---|---|
| Fundamentos. Tecnoloxías. | A linguaxe HTML.<br>Follas de estilos CSS. |
| Deseño de sitios web | O proceso de deseño web.<br>Organización e exploración de sitios web.<br>Elementos para o deseño.<br>Principios básicos de deseño.<br>Accesibilidade web. |
| Conceptos avanzados | Ferramentas de publicación: xestores de contidos, wikis e blogs.<br>HTML dinámico.<br>Aplicacións web.<br>Plugins. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Sesión maxistral | A1 A3 B6 B7 B8 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 | 21 | 0 | 21 |
| Traballos tutelados | A1 A3 A4 A5 B6 B7 B8 B9 C2 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C18 | 11 | 80 | 91 |
| Prácticas a través de TIC | A1 A3 A4 A5 B6 B7 B8 C4 C5 C6 C9 C10 C11 C13 C14 C15 | 10 | 25 | 35 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | Exposición, por parte dos docentes, de contidos nunha aula convencional, incluíndo demostracións do uso de ferramentas TIC |
| Traballos tutelados | Realización de traballos, individualmente ou en grupo, baixo a supervisión dos docentes |
| Prácticas a través de TIC | Presentación aos alumnos de casos reais que deben resolverse empregando os coñecementos impartidos na materia. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados<br>Prácticas a través de TIC | Se estima que entre o alumnado haberá diferencias notables tanto en canto á sua familiariación con conceptos e termos informáticos, como en canta ás habilidades para o manexo de ferramentas informáticas. Por iso, prevese desenvolver unha atención personalizada para as prácticas a través de TIC e para os traballos tutelados. A atención personalizada desenvolverase de forma individual mediante a realización de titorías mediante ferramentas informáticas e Internet (correo electrónico, Moodle o Teams). |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Traballos tutelados | A1 A3 A4 A5 B6 B7 B8 B9 C2 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C18 | Avaliarase a adecuación ás pautas marcadas (contido e presentación), a aplicación dos coñecementos adquiridos, a coherencia entre a proposta e o seu desenvolvemento, as iniciativas, a resolución de problemas, fontes e bibliografía utilizada, e a entrega do traballo no prazo establecido.<br><br>Realizarase unha presentación oral do traballo que tamén se terá en conta na avaliación. | 80 |
| Prácticas a través de TIC | A1 A3 A4 A5 B6 B7 B8 C4 C5 C6 C9 C10 C11 C13 C14 C15 | Avaliarase a solución aplicada polos estudantes ao problema proposto e a interacción entre os membros do grupo | 20 |
| Outros | | | |

| Observacións avaliación |
|---|
| PRIMEIRA OPORTUNIDADE<br><br>Para aprobar a materia é obligatorio:<br><br>Unha NOTA MÍNIMA de 4 (sobre 8) nos traballos tutelados.<br><br>De non obter a nota mínima nos traballos tutelados, a nota máxima global da materia non será superior a un 4,5.<br><br>Terá cualificación de NON PRESENTADO calquera estudante que non presente os traballos tutelados.<br><br>SEGUNDA OPORTUNIDADE<br><br>Poderán presentarse á segunda oportunidade ÚNICAMENTE aqueles/as estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade. A recuperación de cada unha das partes farase da seguinte forma:<br><br>Traballos tutelados (100% da nota final): realización e presentación nas mesmas condicións que na primeira oportunidade, permite recuperar nota das prácticas a través de TIC.<br><br>Os/as estudantes que non acaden a nota mínima nos traballos tutelados na primeira oportunidade deberán recuperalos obligatoriamente na segunda oportunidade para aprobar a materia.<br><br>Para aprobar a materia na segunda oportunidade é obligatorio obter unha nota mínima de 5 sobre 10 no traballo tutelado.<br><br>Terá cualificación de NON PRESENTADO calquera estudante que non opte á recuperación do traballo tutelado.<br><br>DISPENSA ACADÉMICA<br><br>Dado que a asistencia ás sesións presenciais non é obligatoria, aqueles/as estudantes con matrícula a tempo parcial e dispensa académica que lles exima da asistencia ás clases terán as mesmas condicións que o resto do alumnado. |

| Fontes de información | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - Zeldman, J. (2003). Diseño con estándares web. Anaya Multimedia<br>- Powell, T. (2001). Diseño de sitios web. Osborne McGraw-Hill |
| **Bibliografía complementaria** | |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| Informática Aplicada/710G02004<br>Informática Documental/710G02015<br>Bases de Datos Documentais/710G02025 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| Bibliotecas Dixitais/710G02036 |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |
| |

| |
|---|
| **(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías** |